



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL
DO 02.04.2019**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 02.04.2019

HORA DE COMEZO: 12:35 h.

HORA DE REMATE: 13:35 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

D. Xulio Calviño Rodríguez

D. Javier Garrido Valenzuela

D^a Natalia Zunzunegui Garrido

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

NON ASISTEN

D^a Marta Iglesias Bueno

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes día 2 de abril de 2019, ás 12:35 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.10.2018).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Análise da situación e da evolución da taxa de abandono e cambio de estudos na UVigo, consonte os datos da Área de Calidade, correspondentes aos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18.
- 4.** Análise da situación e da evolución da taxa de gradación na UVigo, por ámbitos, centros e titulacións, consonte os datos da Área de Calidade, nos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18.
- 5.** Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
 - V Curso de formación en "Programación Java"
 - IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
 - XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
 - XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
 - VI Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"
 - IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
 - V Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"
 - II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"
 - XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019"
 - I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"
 - VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
 - I Curso de formación en "Data Mining con "R"
 - IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
 - VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
 - II Curso de formación en "Deseño web"
- 6.** Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
 - I Curso complementario en "Introdución á xestión empresarial a través de Odo. Aplicación práctica ao Ilot"
 - V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
 - I Curso de formación en "Mediación civil e mercantil (Lei 5/2012)"
 - II Curso de formación en "Advanced Trading"
 - VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"
- 7.** Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
 - a) Con aprobación previa do Presidente:
 - III Curso de formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"
 - IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
 - XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"
 - V Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
 - VII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"
 - III Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
 - V Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"
 - XIII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
 - XIV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
 - I Curso complementario en "Atención educativa da discapacidade auditiva: mellora da práctica da lingua de signos"
 - I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"
 - IV Curso de formación en "Programación Java"



- V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
 - IV Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"
 - I Curso de formación en "Mestría en compostaxe"
 - II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"
 - XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"
 - XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
 - III Curso de especialista en "Mediación"
 - VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
 - VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde
8. Aprobación, se procede, da modificación dos estatutos da AUNETI (Asociación de universidades do estado español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación).
 9. Aprobación, se procede, da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo á Asociación Olimpíada Española de Economía.
 10. Acordo que proceda sobre a modificación de resultados, mediante recurso, na asignación do complemento de recoñecemento á excelencia curricular a unha profesora (convocatoria 2017).
 11. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da UVigo para o curso 2019/2020.
 12. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e de xeito especial a do director da Área de Calidade, don Joaquín Collazo, para informar sobre asuntos recollidos na Orde do día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.10.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Dá conta don Ernesto Pedrosa que, dentro do seguimento que efectúa o Consello Social sobre diferentes asuntos da súa competencia, consultóuselle á Biblioteca universitaria sobre posibles doazóns rexistradas en 2018, sen que exista ningún rexistro ao respecto.

PUNTO 3

Análise da situación e da evolución da taxa de abandono e cambio de estudos na UVigo, consonte os datos da Área de Calidade, correspondentes aos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18.

Don Joaquín Collazo principia advertindo que se está a traballar no estudo para coñecer que porcentaxe de abandonos foron por cambios de estudo e a espera de verificar os datos. Explica que se define abandono como a porcentaxe dos estudantes que se matricularon por primeira vez nunha titulación e non se matricularon nos dous cursos seguintes, dividido polo número de estudantes que se matricularon por primeira vez na titulación. Expón na súa intervención que a situación na UVigo amosa que a taxa é estable nos tres últimos cursos, o abandono afecta máis aos homes (18,4%) que ás mulleres (9,8%), é máis baixo no Campus de Pontevedra, os ámbitos científico e tecnolóxico teñen as taxas máis altas, e afecta máis aos Graos (chegando nalgúns casos ao 54,9%, -a media máis alta nos tres cursos académicos entre 2015/18- que se rexistra en Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos). As taxas máis baixas danse nos Máster, que en moitos casos rexistran cero abandonos.



En liñas xerais os datos reflicten que a media da taxa de abandono na UVigo acadada o 13,9%, (chegando ao 17% en Galicia e ao 18,3% en España, segundo datos que aporta o secretario que engade que a media dos países europeos queda no 10,6%).

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 4

Análise da situación e da evolución da taxa de gradación na UVigo, por ámbitos, centros e titulacións, consonte os datos da Área de Calidade, nos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18.

Prosigue o director da Área de calidade sinalando que os estudantes que finalizan os estudos de Grao no tempo previsto representan na UVigo o 45,08% no curso 2016/17, acadando as mulleres o 55% e os homes o 34,1%. Novamente destacan as altas porcentaxes nos Máster, entre eles os Máster en Acuicultura e en Necesidades específicas de apoio educativo (100% de gradación). Na parte baixa está o Grao en Enxeñaría en electrónica industrial e automática, con un 12,9%. Durante o período analizado detéctase que só hai un lixeiro ascenso no ámbito Humanístico, e dedúcese que aqueles con maiores taxas de abandono nos primeiros cursos acadan peores resultados na taxa de gradación. Don Joaquín Collazo matiza algún dos resultados máis extremos, incidindo nas posibles causas como podería ser unha baixísima entrada de alumnos.

Agradece don Ernesto Pedrosa o traballo e a presentación de don Joaquín Collazo, quen agradece de seu ao Consello Social o interese polo traballo que se está a facer na Área de Calidade e se amosa a disposición para futuras ocasións. Ábrese unha rolda de opinións e intercambio de puntos de vista, que coinciden en salientar o valor dos datos expostos e a importancia de completalos medindo a porcentaxe de alumnos que abandonan por cambio de estudos, e mesmo as razóns polas que abandonan. Conveñen os presentes en solicitar os novos datos dos que se vaia dispoñendo ao respecto.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *V Curso de formación en "Programación Java"*
- *IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"*
- *XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*
- *XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*
- *VI Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"*
- *IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"*
- *V Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"*
- *II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"*
- *XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019"*
- *I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"*
- *VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"*
- *I Curso de formación en "Data Mining con "R"*
- *IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"*
- *VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"*
- *II Curso de formación en "Deseño web"*

Vistas as propostas, o presidente manifesta que todas elas cumpren coas normas do Consello Social. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***

V Curso de formación en "Programación Java"; IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"; XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; VI



Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"; IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"; V Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"; II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"; XV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2019"; I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"; VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"; I Curso de formación en "Data Mining con "R"; IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"; VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"; II Curso de formación en "Deseño Web"

PUNTO 6

Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *I Curso complementario en "Introdución á xestión empresarial a través de Odo. Aplicación práctica ao Ilot"*
- *V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*
- *I Curso de formación en "Mediación civil e mercantil (Lei 5/2012)"*
- *II Curso de formación en "Advanced Trading"*
- *VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"*

Lembra don Ernesto Pedrosa que estas propostas foron autorizadas previamente para non demorar o seu inicio, consonte acordo expreso da Comisión do 28 de xuño de 2007. A Comisión ACORDA:

• Ratificar as taxas dos seguintes cursos:

I Curso en "Introdución á xestión empresarial a través de Odo. Aplicación práctica ao Ilot"; V Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"; I Curso de formación en "Mediación civil e mercantil (Lei 5/2012)"; II Curso de formación en "Advanced Trading"; VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"

PUNTO 7

Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:

b) Con aprobación previa do Presidente:

- *III Curso de formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"*
- *IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*
- *XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"*
- *V Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"*
- *VII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"*
- *III Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"*
- *V Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"*
- *XIII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*
- *XIV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*
- *I Curso complementario en "Atención educativa da discapacidade auditiva: mellora da práctica da lingua de signos"*
- *I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"*
- *IV Curso de formación en "Programación Java"*
- *V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*
- *IV Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"*
- *I Curso de formación en "Mestría en compostaxe"*
- *II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"*
- *XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
- *XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"*



- *III Curso de especialista en "Mediación"*
- *VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"*
- *VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"*

Advirte o presidente que na relación que se presenta existe unha incidencia na Memoria do V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria", sobre a que se lle pediron explicacións ao director, que figuran na documentación enviada. A Comisión da por válidas as explicacións e ACORDA:

• ***-Informar favorablemente as seguintes memorias:***

III Curso de formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"; IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"; XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"; V Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"; VII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R"; III Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"; V Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"; XIII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; XIV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; I Curso complementario en "Atención educativa da discapacidade auditiva: mellora da práctica da lingua de signos"; I Curso de formación en "Modeling dynamics of populations in a changing world"; IV Curso de formación en "Programación Java"; V Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"; IV Curso complementario en "Técnicas manipulativas nas extremidades"; I Curso de formación en "Mestría en compostaxe"; II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"; XVI Curso de formación en "Introdución á bolsa"; XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"; III Curso de especialista en "Mediación"; VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"; VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde."

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da modificación dos estatutos da AUNETI (Asociación de universidades do estado español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación).

O presidente resume o contido deste punto, no que se solicita ao Consello Social que informe favorablemente a modificación dos estatutos da Asociación de universidades españolas con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUNETI), á que está adherida a UVigo (o acordo de adhesión foi adoptado no pleno do Consello Social de 22 abril de 2016). Vistos os cambios propostos, e a aprobación en Consello de Goberno, a Comisión ACORDA:

- ***Dar a súa aprobación.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo á Asociación Olímpada Española de Economía.

Informados os presentes da finalidade e os obxectivos desta adhesión que solicita a Facultade á "Asociación Olímpada española de Economía", creada para premiar o esforzo e a excelencia dos estudantes de Bacharelato, e para establecer vínculos estables entre a ensinanza universitaria e outros niveis educativos, ca aprobación previa do Consello de Goberno de 20 de marzo de 2019, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a adhesión.***



PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a modificación de resultados, mediante recurso, na asignación do complemento de recoñecemento á excelencia curricular a unha profesora (convocatoria 2017).

Vista a documentación que se achega sobre a asignación do complemento de recoñecemento á excelencia curricular recorrido por unha profesora, tras resolución favorable da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación da ACSUG pola que se lle admite o recurso presentado e se lle incrementa a puntuación, a Comisión ACORDA:

- ***Autorizar a asignación.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da UVigo para o curso 2019/2020.

Previa aceptación do Consello de Goberno de 20 de marzo de 2019, sométense a aprobación os prezos dos complexos residenciais da UVigo para o curso 2019/20, comprendidos entre 110 € persoa/mes en aloxamento en apartamento dobre con habitación individual, na residencia Alcai de Allariz; ata 515 €/mes en habitación dobre con baño e pensión completa na residencia de estudantes Afundación, de Pontevedra. A maiores, os consumos de luz, auga, teléfono e comunidade. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a proposta.***

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Reitera dona Natalia Zunzunegui o interese en que a Comisión solicite no seu momento os datos dos que se dispoña sobre cambios de estudos na UVigo, para coñecer o alcance real da taxa de abandono do alumnado. Os presentes subscriben a petición.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:35 horas do 2 de abril de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias